



Concello de Xermade

MEMORIA VALORADA PARA A EXECUCIÓN DUN ÁREA DE XOGOS INFANTÍS EN ROUPAR

Fecha de redacción: Maio 2019

Redactora: Lucía Fernández Constenla, arquitecta



Concello de Xermade

CONTENIDO DOCUMENTAL

DOCUMENTO 1. MEMORIA

1. Antecedentes e obxecto
2. Localización
3. Descrición e obxecto
4. Memoria urbanística
5. Cumplimento decreto 245/2003 e normas une - en
6. Prazo de execución
7. Prazo de garantía
8. Orzamento
9. Conclusión

DOCUMENTOS 2. ORZAMENTO

1. Orzamentos parciais
2. Resumen orzamental

DOCUMENTO 3. PLANOS

1. Localización
2. Planta
3. Detalles



Concello de Xermade

1. ANTECEDENTES E OBXECTO

O presente documento é unha memoria valorada redactada co obxectivo de definir e valorar as obras encamiñadas a executar unha zona de xogos infantís no Lugar da Escola A Criba, Roupar de Arriba, na parcela lindeira co local social da asociación de veciños de San Estebo, por non existir na área ningún tipo de area de xogo para a infancia.

2. LOCALIZACION

As obras teñen lugar no término municipal de Xermade, parroquia de Roupar, na parcela con referencia catastral 7489105NJ9078N0001BK.

3. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS

Preténdese con estas actuacións a execución dun parque infantil mediante a construción dun pavimento adecuado e a colocación de catro xogos infantís.

Para a execución do pavimento sanearanse 15 cm de terreo existente e executarase unha losa de formigón de 15 cm de espesor, reforzada con malla electrosoldada # diam 6 20x20. Como pavimento final instalaranse lousetas de caucho sobre a devandita losa.

Colocaranse 4 xogos infantís: un tobogán, dous balancíns simples e unha randeeira dobre, con dos seus asentos de tipo berce.

A actuación prevista englobase nun programa de tipo "171.Parques y jardines" e a súa vida útil estimada é superior a cinco anos.

4. MEMORIA URBANÍSTICA

O Concello de Xermade conta a día de hoxe para o seu ordenamento municipal con Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado definitivamente polo pleno deste concello en sesión extraordinaria celebrada o 29 de abril de 2003; con data de publicación no BOP de 28 de maio de 2003, publicándose a Normativa e Ordenanzas do PXOM.

Conforme o PXOM a edificación se encontra en Solo de Núcleo Rural tipo 2.

Segundo a disposición transitoria primeira da LS, apartado 2. *"c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei."*

Segundo o artigo 25 da Lei do solo de Galicia *"2. O uso característico das edificacións nos núcleos rurais será o residencial. Consideraranse como complementarios os usos terciarios ou produtivos, actividades turísticas e artesanais, pequenos talleres, invernadoiros e equipamentos, así como aqueles que garden relación directa cos tradicionalmente ligados ao asentamento rural de que se trate ou que dean resposta ás necesidades da poboación residente neles."*

Polo tanto as obras propostas serían viables urbanísticamente.



Concello de Xermade

A parcela está localizada dentro da zona de policía do dominio público hidráulico segundo o RD 849/1986 de 11 de abril e a Lei 9/2010 de 4 de novembro de Augas de Galicia, polo que será necesaria a autorización previa do Organismo Autónomo Augas de Galicia.

5. CUMPRIMENTO DECRETO 245/2003 E NORMAS UNE-EN

Na redacción da presente memoria tívose en conta especificamente o cumprimento do Decreto 245/2003 do 24 de abril da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís.

En particular tivéronse en conta as determinacións recollidas nos artigos 3 a 11, e o cumprimento específico da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas da comunidade autónoma, e a adecuación as normas UNE-EN dos elementos susceptibles do seu cumprimento.

De acordo co anexo do decreto 245/2003, a relación de normas tidas en conta son:

UNE-EN 1176-1:1999 equipamento areas de xogo – Parte 1:
Requisitos xerais de seguridade e métodos de ensaio.

UNE-EN 1176-2:1999 equipamento areas de xogo – Parte 2:
Requisitos de seguridade específicos adicionais, e métodos de ensaio para ban-bans

UNE-EN 1176-3:1999 equipamento areas de xogo – Parte 3:
Requisitos de seguridade específicos adicionais, e métodos de ensaio para tobogáns.

UNE-EN 1176-6:1999 equipamento areas de xogo – Parte 6:
Requisitos de seguridade específicos adicionais, e métodos de ensaio para balancíns.

UNE-EN 1176-7:1998 equipamento areas de xogo – Parte 7:
Guía para a instalación, inspección, mantemento e utilización.

UNE-EN 1177:1998 revestimento das superficies das áreas de xogo absorbente de impactos.
Requisitos de seguridade e métodos de ensaio.

Ficha de cumprimento específico do decreto (base documental do COAG):

OBJETO

O obxecto da reglamentación do cumprimento das condicións mínimas de seguridade e prevención de accidentes que deben reunir os parques infantís e áreas de xogo para a infancia, así coma seus equipamentos e elementos de xogo.

AMBITO DE APLICACIÓN

Serán de aplicación tanto a las instalaciones de titularidad pública como privada, siempre que, estas últimas, estén destinadas al uso público o comunitario.

CAPITULO II. REQUISITOS XERALES DOS PARQUES INFANTÍS

CONCEPTO	DISPOSICIÓN DECRETO	PROXECTO
----------	---------------------	----------

**Concello de Xermade**

Situación (artigo 3)	Evitala elevada contaminación atmosférica e acústica, a proximidade de tendidos eléctricos aéreos ou subterráneos, vertedoiros ou canalizacións de auga.	Cumpre
	As superficies para o xogo deberán estar debidamente acotadas de forma segura e separadas do tráfico rodado, ben mediante unha distancia mínima de 30 metros, ou por medios naturais ou artificiais.	Cumpre
Accesibilidade de uso (artigo 4)	Segundo a Lei 10/2014 de accesibilidade e o Decreto 35/2000 de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, tratando de integrar posibilidades de xogo adaptadas para estas persoas	Cumpre
	Podrán dispoñer de áreas de xogo reservadas a menores comprendidos en diversos tramos de idade	Cumpre
Elementos auxiliares (artigo 5)	Valados, papeleiras, aparcabicycletas e asentos que estén colocados no interior da área de xogo deberán cumprir os requisitos da Norma UNE-EN 1176-1:1999 (puntos 4.2.5, 4.2.7, 4.2.2)	Cumpre
CAPITULO II. REQUISITOS XERALES DOS PARQUES INFANTÍS		
CONCEPTO	DISPOSICIÓNS DECRETO	PROXECTO
Seguridade (artigo 7)	Deben tener unhas dimensións adecuadas aos menores aos que estean destinados	Cumpre
	Deberán cumprir as especificacións técnicas sobre normas de seguridade Norma UNE-EN 1176-1:1999 (punto 4.1), Norma UNE-EN 1177:1998	Cumpre
CAPITULO III. REQUISITOS ESPECÍFICOS DE CADA ELEMENTO DE XOGO		
CONCEPTO	DISPOSICIÓNS DECRETO	PROXECTO

**Concello de Xermade**

Columpios (artigo 9)	Non deberán emplearse elementos de suspensión totalmente ríxidos, e decir, barras metálicas. Deberán emplearse cadeas ou cordas.	Cumpre
	A distancia lateral mínima do columpio o peche deberá ser de 1,5 m.	Cumpre
Tobogans (artigo 10)	Os tobogans e os medios de acceso á sección de inicio deberán estar diseñados de forma que eviten o atrapamento da roupa.	Cumpre
Balancíns (artigo 11)	Tipos: axial, de punto único no equipo oscilante, multipunto no equipo oscilante.	Cumpre
	Os requisitos xenerais están definidos nunhas táboas (ver ANEXO), polo tipo de balancín e polas alturas libres de caídas e pendentes.	Cumpre
Especificacións técnicas	Deberán cumprir as previstas nas normas UNE-EN 1176-2:1999, 1176-3:1999, 1176-4:1999, 1176- 5:1999, 1176-6:1999	Cumpre

A maiores, seguindo as determinacións do presente decreto, colocarse un panel indicador indicando as medidas de seguridade. Deberase indicar no devandito cartel o seguinte:

- A situación do teléfono público mais próximo.
- A localización do centro sanitario mais próximo e a indicación do número de teléfono das urxencias sanitarias no caso de accidente.
- O número de teléfono do servizo encargado do mantemento e reparación de desperfectos do parque infantil.
- A prohibición de circulación de vehículos de motor, e a limitación de uso de bicicletas, patinetes e similares.
- A prohibición de uso dos xogos a os maiores de 16 anos.
- A prohibición de acceso de animais aos parques infantís.
- A recomendación de uso dos xogos por tramos de idade.
- A obrigaón de que os menores de tres anos estean constantemente acompañados e supervisados por un adulto na área de xogo infantil.

6. PRAZO DE EXECUCIÓN

Dado as medicións das distintas unidades de obra e as características das obras, estímase un prazo máximo de execución de dous meses dende o comezo das obras.

**Concello de Xermade****7. PRAZO DE GARANTÍA**

O prazo de garantía será dun (1) ano a partir da data de recepción das obras, sempre e cando non se especifique un prazo diferente no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

8. ORZAMENTO

Pola aplicación dos prezos unitarios incluídos no Documento 3, que se teñen establecido como normais para este tipo de traballos, ás medicións das distintas unidades de obra, se obteñen os seguinte orzamentos:

ORZAMENTO CONCEPTO	IMPORTE
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	11.072,56 €
Gastos Xerais (13%)	1.439,43 €
Beneficio Industrial (6%)	664,36 €
Total	13.176,35 €
IVE 21%	2.767,03 €
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA (Orzamento base de licitación + IVE)	15.943,38 €

9. CONCLUSIÓN

O presente proxecto refírese a unha obra completa e por tanto susceptible de aproveitamento separado e constitúe unha unidade funcional, sen prexuício de posteriores ampliacións que pode ser obxecto. Comprende todos e cada un dos elementos precisos para a utilización da obra

Xermade, a 16 de maio de 2019

Lucía Fernández Constenla, arquitecta

**Concello de Xermade**

1. ORZAMENTOS PARCIAIS

CÓDIGO	Descrición	Cantidade	Prezo	Importe
CAPÍTULO 01 – MOVEMENTOS DE TERRAS E PAVIMENTOS				
ETMD.1b	m2 Roza e limpeza en mtba prof 15 cm Roza e limpeza superficial de terreo por medios mecánicos, ata unha profundidade de 15 cm, incluída carga sobre camión	108,00	€ 3,51	379,08 €
ECRS.3a	m2 Pavimento de formigón Lousa de 15 cm de espesor de formigón vibrado, totalmente terminado, incluído o suministro e a colocación de malla electrosoldada #6 20/20	108,00	€ 17,84	1.926,72 €
ERSF.1aa	m2 Pav lousa goma cir 0,5x0,5m Pavimento de lousas de goma de 0,5x0,5 m e 3 mm de grosor de caucho homoxéneo con superficies de círculos baixos, de 30 mm de diámetro e 1 mm de relevo, cor e deseño a elixir pola Dirección de obra, colocadas con adhesivo de contacto, i/capa de nivelación e pp de recortes, s/NTE-RSF-15.	108,00	€ 32,41	3.500,28 €
TOTAL CAPÍTULO 01 - MOVEMENTOS DE TERRAS E PAVIMENTOS				5.806,08 €
CAPÍTULO 2 - XOGOS INFANTÍS E EQUIPAMENTO				
E4123	ud Randeeira infantil Randeeira biplaza mixta con asento berce con tubo superior en acero inoxidable e postes en madeira tratada en autoclave, con tornillería de aceiro galvanizado dobremente zincadas e asentos de goma e polietileno nos embelecedores, totalmente colocado	1,00	€ 843,47	843,47 €
E4124	ud Balancín simple de muelle metálico Balancín simple de muelle metálico, componentes de polietileno de alta densidad e componentes metálicos pintados ao forno, parafusería de aceiro galvanizado protexida con tapones de nylos. Totalmente colocado	2,00	€ 387,67	775,34 €
E4125	ud. Tobogán Tobogán de poliéster reforzado con fibra de vidro resistente aos raios UV, autoportante con barreira de seguridade incorporada. Totalmente instalado	1,00	€ 1.283,37	1.283,37 €

**Concello de Xermade**

E4126	ud Panel vertical con normas de uso Panel vertical coas indicacións de seguridade indicadas no artigo 6 do Decreto 245/2003 da Consellería de familia, xuventude e voluntariado. Inclúe poste de sustentación e cartel, totalmente colocado	1,00	€	175,00	175,00 €
TJV010	m valado para área de xogos infantís Valado para área de xogos infantís, de 0,80m de altura, formada por postes verticais e dous travesas horizontales de madeira tratadas en autoclave, acabada con barniz protector, e tablas verticais de madeira de extremos redondeados, de varias cores, con parafusería de aceiro galvanizado, fijada sobre unha superficie soporte	11,00	€	124,52	1.369,72 €
U15MCB01 0	ud Papeleta infantil Papelera infantil de madeira laminada tratada en autoclave clase IV e polietileno de cores. H=74, 30L. Totalmente instalada e cumprirá coa UNE-EN 1176	1,00	€	150,00	150,00 €
	ud Banco madeira+pés fund Banco de listóns de madeira con pés de fundición, ancorado con dados de 60x30x20 cm, de formigón HM-20 de consistencia plástica TM 40 mm e clase xeral de exposición I. Incluído escavación en terras de consistencia media, planeamento, nivelación e apromado.	1,00	€	189,46	189,46 €
TOTAL CAPÍTULO 02 - XOGOS INFANTÍS E EQUIPAMENTO					4.786,36 €
CAPÍTULO 03 - SEGURIDADE E SAÚDE					
E4513	ud Seguridade e saúde Medidas de seguridade e saúde según Plan de seguridade e saúde redactado polo contratista e aprobado pola autoridade competente	1,00	€	225,00	225,00 €
TOTAL CAPÍTULO 03 - SEGURIDADE E SAÚDE					225,00 €
CAPÍTULO 04 - XESTIÓN DE RESIDUOS					
XRS	Xestión dos residuos xerados durante as obras incluso canon de vertido en xestor autorizado	1,00	€	255,12	255,12 €
TOTAL CAPÍTULO 04 - XESTIÓN DE RESIDUOS					255,12 €
TOTAL					11.072,56 €

**Concello de Xermade****2. RESUMEN DO ORZAMENTO**

CAPÍTULO	RESUMEN	EUROS	%
1	MOVIMIENTO DE TERRAS E PAVIMENTOS	5.806,08	52,4
2	XOGOS INFANTÍS E EQUIPAMENTO	4.786,36	43,2
3	SEGURIDADE E SAÚDE	225,00	2,1
4	XESTIÓN DE RESIDUOS	255,12	2,3
	PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN MATERIAL	11.072,56	

13% GASTOS GENERALES 1.439,43

6% BENEFICIO INDUSTRIAL 664,36

SUMA DE G.G. Y B.I. 2.103,79

PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN 13.176,35

Ascende o orzamento base de licitación á expresada cantidade de TRECE MIL CENTO SETENTA E SEIS EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS.

21 % I.V.E. 2.767,03

PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN + I.V.E. 15.943,38

Ascende o orzamento base de licitación + I.V.E. á expresada cantidade de QUINCE MIL NOVECIENTOS CORENTA E TRES EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS.

Xermade, a 16 de maio de 2019





Lucía Fernández Constenla, arquitecta





Concello de Xermade

DOCUMENTO 3. PLANOS


1. Localización
2. Situación
3. Planta
4. Detalles



Concello de Xermade	AREA DE XOGOS INFANTIS EN ROUPAR	
	TÍTULO DO PLANO: LOCALIZACIÓN	DATA: MAIO 19
	ESCALA: SIN ESCALA	No. DE PLANO: 1






Concello de Xermade	AREA DE XOGOS INFANTIS EN ROUPAR		
	TÍTULO DO PLANO:	DATA:	
	SITUACIÓN	MAIO 19	
	ESCALA: 1:2000	No. DE PLANO: 2	




Concello de Xermade		AREA DE XOGOS INFANTIS EN ROUPAR	
	TÍTULO DO PLANO:	DATA:	
	PLANTA	MAIO 19	
	ESCALA:	No. DE PLANO:	
	1:2000	3	



RANDEEIRA



TOBOGÁN



BALANCÍN



Concello
de Xermade

AREA DE XOGOS INFANTIS EN ROUPAR



TÍTULO DO PLANO:
DETALLES

ESCALA:
1:50

DATA:
MAIO 19

No. DE PLANO:
4